


Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura e comprensión lectora

A tartaruga



As tartarugas clasíficanse dentro dos grupos dos réptiles e caracterízanse polo seu tronco curto e ancho. Protexe o seu corpo cunha cuncha formada normalmente por placas óseas compostas de calcio do mesmo oso. Da cuncha saen, por diante, a cabeza e as patas dianteiras; a cola e as patas posteriores, por detrás.

As tartarugas non teñen dentes, pero a súa forte mandíbula afiada, con forma de pico, permítelles devorar o seu alimento. Unha das características das tartarugas, segundo a especie á que pertenzan, é a súa lonxevidade, podendo chegar ata os 150 anos de vida. Existen tartarugas de hábitat terrestre, acuático, mariño e de auga doce. As de hábitat terrestre presentan dedos separados, mentres que as de hábitats acuáticos teñen as extremidades transformada en aletas ou ben os dedos unidos por unha membrana.

As tartarugas mariñas alcanzan grandes velocidades nadando no mar.

Os pulmóns son similares aos dos humanos, pero elas poden conter a respiración durante dez minutos. Non teñen oídos externos pero si un interno moi eficaz; o seu sentido do oído é moi agudo. O seu sentido do olor é feble; o da vista é mellor nas tartarugas mariñas, pero teñen un sentido da orientación moi desenvolvido.

A súa reproducción é ovípara.

As tartarugas son inofensivas para as persoas. Polo xeral son tímidas e agóchanse dentro da cuncha.

<http://animales-salvajes.buscamix.com> (tradución)

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Lectura e comprensión lectora

1. De que outra forma podemos nomear as tartarugas? Axúdate do dicionario.

Sapoconcho.

2. Nomea catro réptiles. Resposta libre.

3. Cal é a diferenza entre as tartarugas de hábitat acuático e as de hábitat terrestre?

As de hábitat terrestre presentan dedos separados, mentres que as de hábitats acuáticos teñen as extremidades transformada en aletas ou ben os dedos unidos por unha membrana.

4. Que quere dicir que as tartarugas son lonxevas?

Que poden chegar a ter moitos anos.

5. Copia as afirmacións verdadeiras sobre as tartarugas.

- Teñen pulmóns similares aos dos humanos.
- As tartarugas mariñas son moi lentas.
- A súa reproducción é ovípara.
- Son perigosas para as persoas.
- Protexen o seu corpo cunha cuncha.

Teñen pulmóns similares aos dos humanos.

A súa reproducción é ovípara.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Comprensión oral

1. Responde as seguintes preguntas:

- Quen é o protagonista? O avó Avelino.
- Cando xanta co seu neto? Todos os martes.
- Que lle gusta facer cando está con el?

O avó conta historias da mocidade e o neno escucha.

- Que destaca da súa cara?

Os ollos verdes, o nariz pequeno con pencas e meixelas redondas e rubias.

- Por que están coloradas as súas meixelas?

Porque sempre andaba no campo.

- Cres que é divertido estar con el? Por que?

Resposta libre.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

Vocabulario

1. Coa axuda do dicionario escribe unha oración con cada significado destas tres palabras.

raspa

leitón

esfolar

- Resposta libre.
- _____
- _____
- _____
- _____
- _____

2. Divide en sílabas e clasifica segundo o número de sílabas as seguintes palabras.

- Raspa: ras-pa bisílaba
- Leitón: lei-tón bisílaba
- Esfolar: es-fo-lar trisílaba

3. Risca en cada columna a palabra que non pertenza á mesma familia léxica.

panadería	carreiro	chapar
pan	carreta	chapa
<u>panasco</u>	carreira	chapada
empanada	<u>carroceta</u>	<u>chascar</u>

4. Coa axuda do dicionario, escribe a familia léxica de:

- Boca: bocado, bocalada, bocalán, bocadillo...

5. Escribe cinco palabras que pertenzan ao campo semántico de: peixes.

Resposta libre.

Nome: _____ **Curso:** _____ **Data:** _____

Coñecemento da lingua

Gramática

1. Subliña os adjectivos e despois cópiaos.

Nesta **alegre** mañá de verán estamos tombados na praia de area **branca** e **fina**. No horizonte loce un **brillante** sol.



Alegre, branca, fina e brillante.

2. Escribe os adxectivos más apropiados.

- No meu xardín teño rosas amarelas
 - A miña irmá está preocupada polas notas.
 - A miña curmá ten o cabelo louro
 - A sopa estaba salgada

3. Inventa unha oración para cada un destes adxectivos. **Resposta libre.**

- Fabulosa: _____
 - Anoxadísimo: _____
 - Vermello: _____
 - Moderna: _____

4. Sinala o grao do adxectivo nas seguintes oracions

- Fomos de excursión nun autobús vermello. **Positivo.**
 - Nas rebaixas merquei unha saia baratísima. **Superlativo.**
 - A miña irmá é máis alta ca min. **Comparativo.**

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Coñecemento da lingua

Ortografía

1. Le o seguinte texto.

Saíu da **auga** e achegouse a min, **miroume** amodo, como só el sabe facelo; miroume de arriba a **abaixo** e souben que ía dar unha puñada. **Dei** un paso atrás e púxeme en garda.

Xoán FARIAS

2. Escribe as palabras destacadas e rodea as vogais que vaian seguidas.

auga miroume abaixo dei

3. Rodea de cor vermella a sílaba na que haxa ditongo e escribe as vogais que o forman.

lei-te _____ ei

froi-to _____ oi

cuar-to _____ ua

a-bai-xo _____ ai

eu-ca-lip-to _____ eu

co-lleu _____ eu

4. Clasifica as palabras segundo teñan ditongo ou non.

aciñeira

Italia

moeda

peixe

castiñeiro

poema

venres

peor

salgueiro

touro

Con ditongo	Sen ditongo
Aciñeira, Italia, peixe, salgueiro, castiñeiro e touro.	Poema, venres, moeda e peor.

5. Ditado.

Mario foi xogar ao parque e atopou, agochado detrás dunha roseira, un ourizo cacho, un niño de formigas e un paporrubio que as quería comiscar. Ao lado polo tronco dun carballo, subían unha ringleira de vacaloura (en canto comenzaron a chegar más rapaces todos fuxiron espantados).

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Literatura

1. Le estes dous textos.

Texto A

O Xigante subiu nunha canoa tripulada por remeiros colosais.
—Xigante! —berrou a señora Elisabet con todas as súas forzas.
O homazo detívose, dubidou pero volvےu atrás. E cando estivo diante da muller devolveulle o botón de nácaro.
—GRA-ZAS! —dixo con toda a súa alma.



Texto B

O Xigante subiu nunha canoa tripulada por remeiros colosais. A señora Elisabet chamou ao xigante con todas as súas forzas. O homazo detívose, dubidou, pero volvےu atrás. E cando estivo diante da muller devolveulle o botón de nácaro e deulle as grazas con toda a alma.

2. Completa.

diálogo indirecto

diálogo directo

- O diálogo directo é cando se escribe tal e como o di o protagonista.
- O diálogo indirecto é cando se explica o que se di.

3. En cal dos textos da actividade 1 se utiliza o diálogo indirecto.

No texto B.

4. Cambia este texto de diálogo indirecto a diálogo directo.

Pedro preguntoule a Bieito cando era o exame de lingua. Bieito respondeulle que era o venres.

—Cando era o exame de lingua —preguntoule Pedro a Bieito.

—É este venres —respondeulle Bieito.

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Expresión escrita

1. Le como describimos a unha persoa, é dicir, como facemos seu retrato.

Teo empezou este ano na nosa clase. Ten nove anos e é moi alegre e amable. Ten os ollos verdes e grandes; o seu pelo é roxo e rizado. No patio sempre xoga ao fútbol.



2. Cando unha persoa fai unha descripción dela mesma dicimos que fai un autorretrato.

- Escribe o teu autorretrato. **Resposta libre.**

- Agora, fai unha caricatura de ti mesmo.



Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

Técnicas de estudo

Os usos do dicionario

1. Colle o teu dicionario de lingua galega para resolver as preguntas.

2. Busca a palabra faiado e contesta. Resposta libre segundo o dicionario.



• Cantas palabras aparecen nesa páxina? _____

• Cantas son...

... verbos? _____

... substantivos? _____

... adjectivos? _____

3. Busca unha lámina ilustrativa (por exemplo do corpo humano, do porto...) e descríbea.

Resposta libre.

4. Busca a páxina onde... Resposta libre.

• ... atopes toda a conjugación do verbo saltar.

• ... atopes os determinantes.

5. Contesta. Resposta libre.

• Cando buscas unha palabra no dicionario que información atopas dela?

• Que outra información podes atopar nun dicionario?